Prezo €/hora SAF Básico (modalidade dependencia)	30.936,00	24,39 €	0,99 €

Polo que respecta o custo do tratamento de residuos efectúase tomando como base a tarifa reducida de Sogama. Esta tarifa reducida introdúcese mediante a modificación do número Tres bis da disposición adicional vixésimo primeira Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 que se efectúa polo artigo 18 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas.

Este canon reducido (de 108 euros tonelada a 95 euros tonelada) será de aplicación para aquelas entidades locais que así o soliciten e se comprometan a cumprir obxectivos ambientais vinculados ao fomento da recollida selectiva de residuos urbanos mediante o mantemento ou aprobación de medidas orientadas á prevención e redución do lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe de envases lixeiros e/ou biorresiduos.

A aprobación do canon unitario por tonelada de contía reducida realizarase pola persoa titular competente en materia de residuos, previo informe favorable da consellería competente en materia de facenda, e publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Para a aplicación do canon unitario de contía reducida as entidades locais interesadas deberán presentar a súa solicitude antes de que transcorra un mes desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia acompañando unha declaración na cal se comprometan a cumprir, como mínimo, un dos seguintes requisitos:

- a) Diminuír a entrega dos residuos correspondentes á fracción resto nun mínimo dun 1% respecto dos entregados no ano inmediatamente anterior. Para os efectos de aplicación desta disposición entenderase por fracción resto a fracción dos residuos municipais que se obtén unha vez efectuada a recollida separada dos mesmos e que fosen facturados pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A en ambos exercicios.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- b) Incrementar nun mínimo do 3% respecto do exercicio inmediatamente anterior as toneladas procedentes da recollida selectiva de residuos de envases no contedor amarelo ou de biorresiduos de orixe doméstica no contedor marrón. A acreditación do cumprimento deste requisito realizarase pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A, coas entradas rexistradas nas súas instalacións e mediante, polo menos tres caracterizacións aleatorias ao ano, coa finalidade de garantir a calidade do material destinado a reciclaxe ou a compostaxe. Non se considerará cumprido este requisito naqueles casos nos que a porcentaxe de impropios, entendendo por tales os residuos depositados incorrectamente no correspondente contedor, supere unha porcentaxe dun 30% para o contedor amarelo de residuos de envases ou dun 15% no contedor marrón de biorresiduos de orixe doméstica.

A presentación da solicitude de aplicación do canon unitario de contía reducida polas entidades locais interesadas coa declaración indicada, determinará a inmediata aplicación do canon reducido con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente ao da aprobación do devandito canon unitario de contía reducida.

Dentro dos dous primeiros meses do seguinte ano ao da aplicación do canon unitario de contía reducida comprobarase pola Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A, o cumprimento de, polo menos, un dos requisitos polas entidades locais solicitantes.

No caso de que se constatase o incumprimento dos requisitos establecidos para a aplicación do canon unitario de contía reducida, resultará de aplicación a contía do canon unitario polo que a Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A procederá a facturar antes do 15 de marzo o importe da redución aplicada o ano anterior.

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións esixibles á Corporación.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros recolleitos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses e gastos dos préstamos contratados pola Entidade e á as comisións cobradas polas entidades bancarias pola xestión da Tesourería Municipal. O importe total é de 3.500,00 euros.

CAPÍTULO 4. As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Os créditos ascenden á cantidade de OITOCENTOS VINTETRES MIL DOUSCENTOS VINTESETE EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (823.227,73 €) en 2025.

Neste capítulo prevese por un lado:

- a) As aportacións necesarias para a xestión do servizo da Escola Infantil Municipal "A Ulloa" no marco do expediente 2020/C006/000003 (280.000,00 €)
- b) As aportacións necesarias para facer fronte o cofinanciamento da Escola Infantil xestionada polo Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar (56.000,00 €)
- c) A aportación á Mancomunidade de Municipios de Ordes por importe de 113.977,73.
- d) A aportación ao transporte metropolitano por importe de 16.500,00 €
- e) Por outro lado as consignacións necesarias para facer fronte as aportacións a diferentes entidades que agrupan municipios (26.000,00 €)
- f) A aportación ó obradoiro de emprego xestionado polo Concello de Trazo por importe de 12.000,00 €

Prevese igualmente a consignación para facer fronte ás subvencións de carácter nominativas, de concorrencia competitiva e de concorrencia non competitiva recollidas no Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Oroso para o período 2023-2025.

CAPÍTULO 6 e 7. Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2025 investimentos reais por un importe de 1.170.081,36 euros o que supón un decremento



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

do 31,53% respecto do orzamento de 2024 e no capítulo 7 transferencias de capital por importe de 211.618,15 euros o que supón un incremento do 958,09% respecto do ano 2024 destinadas a financiar a aportación municipal á execución do proxecto de humanización da praza Isaac Díaz Pardo incluída no Plan hURBE 2019-2025.

A Consignación recollida no capítulo 6 desglósase no anexo de inversións da seguinte forma:

Proxecto	Aplicación Orzamentaria	Denominación do Proxecto	Importe Anualidade	Tipo Financiación					Total
				Recursos Propios	Ingresos Afectados.				
					Financ. UE	Financ. Estado	Financ. CCAA	Financ. Deputación.	
2021/2/POS/2	1532.60901 POS+2021	Ampliación de beirarrúas marxe esquerda Avenida Compostela entre os números 22 e 36	62.901,33	7.995,57	0,00	0,00	0,00	54.905,76	62.901,33
2021/2/POS/5	453.61906	Reparación da ponte do Carboeiro en Berdomás	80.279,66	0,00	0,00	0,00	0,00	80.279,66	80.279,66
2024/2/POS/1	1532.60902	Mellora rede viaria Vilacide Arriba, de Abaixo, a Costa e Sigüeiro	195.577,22	0,00	0,00	0,00	0,00	195.577,22	195.577,22
2023/2/POS/2	165.60901	Alumeado exterior Praza Alexandre bóveda	125.224,24	0,00	0,00	0,00	0,00	125.224,24	125.224,24
2024/2/ POS+AD/1	1532.60900	Senda Valverde-Vilarelle	111.942,23	0,00	0,00	0,00	0,00	111.942,23	111.942,23
2024/2/ POS+AD2b/1	342.60900	Renovación Céspedes de Campo Fútbol Lino Balado	189.136,21	0,00	0,00	0,00	0,00	189.136,21	189.136,21
2024/2/ POS+AD2b/2	1532.60903	Mellora rúa Portiño Outros	285.416,20	2.880,55	0,00	0,00	0,00	282.535,65	285.416,20
2024/4/ PROXO/1	132.62500	Mobiliario sinalización viaria	5.000,00	5.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.000,00



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

2024/4/ PROXO/2	1621.62500	Mobiliario recollida resíduos e limpeza viaria	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00
2024/4/ PROXO/2	163.62500	Mobiliario recollida resíduos e limpeza viaria	4.000,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00
2024/4/ PROXO/3	165.61900	Reposición iluminación pública	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00
2024/4/ PROXO/4	171.60900	Acondicionam ento parque infantil en Alexandre Bóveda	27.604,27	27.604,27	0,00	0,00	0,00	0,00	27.604,27
2024/4/ PROXO/5	171.62500	Mobiliario parques e xardíns	5.000,00	5.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.000,00
2024/4/ PROXO/5	342.62500	Mobiliario instalacións deportivas	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10.000,00
2024/4/ PROXO/6	342.63200	Reparación Tellado anexo Campo Fútbol Deixebre	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
2024/4/ PROXO/7	920.62600	Equipos procesos información	8.000,00	8.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.000,00
2007/2/COOP/1	151.60900	Ordenación e urbanización da área de reparto 10	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
TOTAL			1.170.081,36	130.480,39	0,00	0,00	0,00	1.039.600,97	1.170.081,36

CAPÍTULO 9. Comprenden os pasivos financeiros os gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas. Non se prevé consignación ó non existir débeda con entidades financeiras. Respecto das débedas contraídas coa Deputación Provincial comunicouse por parte da mesma a ampliación do período de carencia ate o ano 2027.

A Comparativa por áreas de gasto do orzamento de 2025 respecto do exercicio 2024 é a seguinte:

Area	Definición	Orzamento 2025	Orzamento 2024	Diferencia	%
------	------------	-------------------	-------------------	------------	---



**ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

1	Servizos públicos básicos	2.736.092,63	2.678.102,63	57.990,00	2,17
2	Actuacións de protección e promoción social	1.268.093,36	1.248.301,96	19.791,40	1,59
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	2.578.442,13	2.421.957,82	156.484,31	6,46
4	Actuacións de carácter económico	408.724,32	1.082.382,97	-673.658,65	-62,24
9	Actuacións de carácter xeral	1.324.433,21	1.341.260,50	-16.827,29	-1,25

Oroso a data de sinatura electrónica.
O Interventor.

Asdo. Carlos Temprano Temprano.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO, LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO E DO LÍMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2025

Expediente n.º: 2024/T004/000004

Informe de Intervención.

Procedimiento: Elaboración y Aprobación del Presupuesto

Tipo de Informe: Borrador ☐ Provisional ☐ Definitivo ☒.

Carlos Temprano Temprano, funcionario da Administración Local con habilitación de carácter nacional, como Interventor do Concello de Oroso, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento do 2025, o cumprimento da Regra de Gasto, límite de gasto non financeiro e do límite de débeda:

1. NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.

- Regulamento (CE) non 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) non 2223/96 do Consello
- Regulamento (CE) non 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEP).
- Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.
- Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM), modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro.

Outras disposicións ou guías de aplicación:

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Consulta á Subdirección Xrl. de Estudos e Financiamento de Entidades Locais do MINHAP de data 5 de decembro de 2014 de COSITAL.

Primeiro. – Carácter do informe.

A emisión do presente informe ten por finalidade dar cumprimento ao establecido no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Tal e como resulta do precepto citado, o informe é preceptivo, pero non ten carácter de informe de fiscalización previa no exercicio da función interventora, senón de control financeiro na modalidade de control permanente, tal e como se deduce do artigo 4.1.b) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Segundo. Antecedentes e situación actual.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso a aprobación e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra do gasto e a débeda pública.

É preciso lembrar que no ano 2020, a Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, ao considerar que concurrían circunstancias excepcionais que o xustificaban.

O Consello de Ministros acordou a suspensión das regras fiscais, sendo ratificada dita decisión polo Congreso dos Deputados. Así mesmo, acordouse o seu mantemento en dúas ocasións máis, de modo que durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 as Entidades Locais non estiveron obrigadas a cumprir cos obxectivos de estabilidade e débeda, así como coa regra de gasto.

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implicou a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo nin do resto da normativa hacendística, todas continuando en vigor.

Igualmente, tampouco supuxo a desaparición da responsabilidade fiscal, posto que o Goberno fixou para as Corporacións Locais unha taxa de referencia, que servirá de guía para a actividade municipal.

Así, a suspensión das regras fiscais, non conlevou a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das Administracións Públicas á que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

Con todo, a situación de suspensión das regras fiscais chega ao seu fin, pois a Comisión Europea informou de que para o ano 2024 non se ía a prorrogar novamente, producíndose a reactivación das regras fiscais.

Por Acordo de Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023, e tal como informouse na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do 11 de decembro, fixéronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o subsector local no trienio 2024-2026, que consistían no equilibrio



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

orxamentario nos tres anos. Estes obxectivos aprobáronse polo Congreso dos Deputados o pasado 10 de xaneiro, pero rexeitáronse polo Senado o 7 de febreiro.

Posteriormente, o Consello de Ministros, en virtude do previsto no artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orxamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante, LOEPSF) adoptou, o 13 de febreiro, un segundo acordo de establecemento de obxectivos, coincidente co anterior, que foi ratificado de novo polo Congreso dos Deputados o día 29 de febreiro e rexeitado polo Senado o día 6 de marzo.

Ante esta situación, consultados os Servizos Xurídicos do Estado, en virtude dos principios que rexen a aplicación da normativa e actos da Unión Europea e exercendo a responsabilidade que se atribúe ao Goberno de España, conforme ao previsto no artigo 10 da LOEPSF, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orxamentaria establecidos para o subsector local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, do 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello (Recomendacións do 14 de xullo de 2023), nos seguintes termos:

	2024	2025	2026
Subsector Local	0,2%	0,1%	0,2%

O superávit recolleito no Programa de Estabilidade para 2024 o é para o conxunto do subsector local e equivale, aproximadamente, ao 3,5% dos ingresos non financeiros do subsector.

Respecto da verificación do cumprimento da regra de gasto na fase de elaboración do orzamento realízase a efectos meramente informativos, tal e como sinalou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en consulta do 5 de decembro de 2014.

A variación do gasto computable das entidades locais, do mesmo xeito que para o resto de administracións públicas, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que ascende ao 2,6% para 2024. Esta taxa será do 2,7 para o 2025 e do 2,8 en 2026.

	2024	2025	2026
Regra de gasto conxunto Administracións Públicas	2,6%	2,7%	2,8%

Estas taxas, conforme ao disposto no artigo 12.3 da LOEPSF, foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no informe de situación da economía española que acompañou á proposta



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública comunicada á CNAL o pasado 11 de decembro de 2023.

Segundo o informe dos Servizos Xurídicos do Estado ao que se fixo referencia anteriormente, a regra de gasto aplícase de forma automática, sen necesidade de que forme parte do acordo de establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas.

A regra de gasto en 2024 do 2,6% aplícase sobre o gasto computable da liquidación orzamentaria de 2023 e polo tanto para a determinación da mesma no exercicio de 2025 deberá partirse igualmente da mesma ó non estar liquidado o exercicio económico de 2024.

En todo caso, convén poñer de manifesto unha vez máis que a reactivación das regras fiscais produce efectos, fundamentalmente, na liquidación do orzamento, e non tanto na súa aprobación.

Aos Orzamentos das Entidades Locais éelles de aplicación a normativa orzamentaria contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a súa normativa de desenvolvemento e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido ao recolleito no apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo cal, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporárase aos previstos nos artigos 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, referido á aprobación do orzamento xeral.

Iguualmente éelles de aplicación aos Orzamentos das Entidades Locais o principio de sustentabilidade financeira, pois descoñecer o obxectivo de débeda pública non implica renunciar á prudencia na xestión financeira, sendo plenamente aplicable o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

Terceiro. Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na fase de elaboración do orzamento do Concello de Oroso para o exercicio económico de 2025.

O artigo 3 "Principio de estabilidade orzamentaria" da LOEPSF, dispón que se entenderá por estabilidade



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

orxamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11.1 da LOEPSF, establece que “A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orxamentaria”.

Indica así mesmo no seu apartado 2 que “ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais...”, dispoñendo o seu apartado 4 que “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orxamentario”.

Finaliza devandito artigo establecendo no seu apartado 6 que, para o cálculo do déficit estrutural, aplicárase a metodoloxía utilizada pola Comisión Europea no marco da normativa de estabilidade orxamentaria.

Así mesmo, o artigo 15 do REPEL establece que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade polas entidades locais e demais entidades que forman parte do seu sector público, cando -en cada fase das xa indicadas-, os seus orzamentos alcancen -unha vez consolidados e, en termos de capacidade de financiamento de acordo con a definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC2010)- o obxectivo de equilibrio ou superávit orxamentario.

A estabilidade orxamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros.

A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

3.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CON O SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orxamentaria e Sustentabilidade Financeira (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- Neste caso unicamente o Concello de Oroso, xa que non dispón de organismos nin sociedades mercantís dependentes.

3.2.-DESCRICIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE ORZAMENTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

A) INGRESOS:

Axustes a realizar Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

Na normativa establécese que “a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta”, por tanto interprétase que, como para elaborar o orzamento utilízanse como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados, procede facer o seguinte axuste sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3: 1º) Aplícase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos da liquidación do último exercicio aprobado 2023, e achando a porcentaxe do recadado no devandito exercicio en relación aos dereitos recoñecidos en cada capítulo.

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO DE CAIXA. DATOS LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2023					
Capítulos	Dereitos recoñecidos netos	Recadación orzamento corrente	Recadación orzamentos pechados	Total recadado	% recadación/dereitos recoñecidos netos
Capítulo 1	2.098.341,23	2.035.941,76	0,00	2.035.941,76	97,03%
Capítulo 2	18.976,41	16.292,96	32.914,46	49.207,42	259,31%
Capítulo 3	783.302,74	771.183,18	851,26	702.437,81	98,56%

2º) A aplicación do criterio de caixa no caso do imposto de Construcións, Instalacións e Obras a xuízo desta Intervención desvirtuaría os resultados do presente informe de maneira significativa o non terse practicado no exercicio de 2023 as liquidacións tributarias correspondentes ós expedientes aprobados e polo tanto derivar o recoñecemento de dereito o exercicio de 2024. Se tomamos como referencia as liquidacións que se deberían ter practicado no ano 2023 obteríamos o seguinte resultado:



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

a) ICIO xa contabilizado no exercicio económico de 2024 que ascende á cantidade de 43.402,93 euros.

Nº Operación	Data	Importe	Concepto
120240000091	26/01/2024	404,77 €	ICIO UR 133/2022 (2022/U026/000089) COMUNICAC PREVIA OBRA INSTALAC PISCINA
120240000092	26/01/2024	36,37 €	UR 006/2020 (2020/U026/000003) AMPLIAC REDE ELECTRICA BAIXA TENSIÓN
120240000093	26/01/2024	35,20 €	UR 010/2023 (2023/U026/000008) OBRA ACCESO PARCELA
120240000094	28/01/2024	146,70 €	UR 117/2022 (2022/U026/000076) REHABILITACION DE FACHADA
120240000095	28/01/2024	20,14 €	UR 013/2023 (2023/U026/000011) ACOMETIDA AUGA
120240000096	29/01/2024	336,93 €	UR 041/2023 (2023/U026/000029) PECHE PARCIAL DE FINCA
120240000097	29/01/2024	321,76 €	UR 034/2023 (2023/U026/000025) SUBSTITUCIÓN CARPINTERIA EXTERIOR
120240000098	29/01/2024	152,51 €	UR 002/2023 (2023/U026/000002) PECHE PARCIAL FINCA
120240000099	29/01/2024	241,11 €	ICIO UR 028/2023 (2023/U026/000020) SUBSTITUCIÓN CAPA COBERTURA EN CUBERTA VIVENDA
120240000100	30/01/2024	17,60 €	ICIO UR 037/2023 (2023/U026/000027) OBRAS MANTEMENTO EN BAÑO VIVENDA
120240000101	30/01/2024	19,45 €	ICIO UR 039/2023 (2023/U026/000028) AMPLIAC REDE ELECT5RICA SUBTERRANEA DE BAIXA TENSIÓN
120240000102	07/02/2024	162,00 €	ICIO UR 052/2023 (2023/U026/000040) OBRAS SUBSTITUCION DE CARPINTERIA EXTERIOR
120240000103	07/02/2024	19,52 €	UR 021/2023 (2023/U026/000016) AMPLIACION DE REDE ELECTRICA
120240000104	07/02/2024	160,26 €	UR 057/2023 (2023/U026/000044) OBRAS REPARACION DE FACHADA LATERAL
120240000105	07/02/2024	142,62 €	UR 063/2023 (2023/U026/000049) PECHE LINDE LATERAL
120240000106	07/02/2024	32,13 €	UR 018/2023 (2023/U026/000014) AMPLIACIÓN REDE ELECTRICA
120240000107	07/02/2024	22,52 €	ICIO UR 066/2023 (2023/U026/000052) SUBSTITUCION VENTÁS
120240000108	07/02/2024	134,12 €	ICIO UR 071/2023 (2023/U026/000054) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS DE SUBSTITUCION DE VENTÁS
120240000109	07/02/2024	124,80 €	ICIO UR078/2023 (2023/U026/000059) OBRAS DE DEMOLICION DE TABIQUEIRA INTERIOR
120240000171	20/02/2024	7.306,75 €	ICIO UR 059/2023 EXPTE 2023/G003/000238
120240000185	20/02/2024	144,96 €	ICIO UR 056/2023 OBRAS SUBSTITUCION CUBRICIÓN CUBERTA E PINTADO PAVIMENTO 2023/G003/000239
120240000187	21/02/2024	980,83 €	ICIO UR 55/2023 SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERIA EXTERIOR E CUBERTA 2024/G003/000240
120240000188	20/02/2024	29,00 €	ICIO UR 084/2023 REPARACIÓN CANLON EN EDIFICACION 2024/G003/000241
120240000189	01/03/2024	3.977,89 €	ICIO UR 069/2023 2023/U022/000006 VIVENDA UNIFAMILIAR 2024/G003/000248
120240000190	20/02/2024	184,63 €	ICIO UR 085/2023 (2023/U026/000065) OBRAS CONSERVACIÓN COCINA 2024/G003/000242
120240000191	20/02/2024	271,25 €	ICIO UR 058/2023 (2023/U026/000045) OBRAS CUBRICIÓN CUBERTA 2024/G003 000243
120240000192	01/03/2024	19.546,80 €	UR 087/2023 (2021/U022/000010) NAVE AGRICOLA 2024/G003/000249
120240000193	01/03/2024	1.097,93 €	ICIO UR 17/2023 2023/U022/000004 AMPLIACIÓN SOTO EN VIVENDA 2024 G003/000247
120240000241	07/02/2024	199,52 €	UR 021/2023 (2023/U026/000016) AMPLIACION REDE ELECTRICA SUBTERRANEA
120240000242	30/01/2024	0,01 €	REDONDEO CARTA DE PAGO EXPTE UR39/2023 (2023/U026/000028)
120240000285	18/03/2024	374,71 €	ICIO BONIFICACION 90% INSTALAC 2 ASCENSORES 2024/G003/000417
120240000286	18/03/2024	838,07 €	ICIO OBRA AMPLIAC EXPLOTAC AGROPECUARIA EXPTE 2023/X999/000496
120240000287	18/03/2024	5.920,07 €	ICIO LEGALIZACION DE SILO TRINCHEIRA E SOLEIRAS 2023/X999/000496

b) ICIO pendente de liquidar que ascende á cantidade de 82.696,97 euros:

Expediente	Acordo Xunta Goberno Local	Orzamento	Importe liquidación
2023/U022/000001	07/11/2023	229.474,96 €	9.179,00 €
2023/U026/000063	07/11/2023	525,11 €	21,00 €



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

2023/U026/000060	07/11/2023	77.000,00 €	3.080,00 €
2023/U026/000091	07/11/2023	12.626,17 €	505,05 €
2023/U022/000010	07/11/2023	413,98 €	16,56 €
2023/U026/000046	21/11/2023	238,60 €	9,54 €
2022/U022/000009	19/12/2023	1.742.750,98 €	69.710,04 €
2023/U026/000100	19/12/2023	950,00 €	38,00 €
2023/U026/000077	19/12/2023	3.444,48 €	137,78 €

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO DE CAIXA. DATOS LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2023					
Capítulos	Dereitos recoñecidos netos	Recadación orçamento corrente	Recadación orçamentos pechados	Total recadado	% recadación/dereitos recoñecidos netos
Capítulo 2	145.076,31	16.292,96	32.914,46	49.207,42	33,92%

Tendo en conta que a previsión se realizou sobre os dereitos recoñecidos netos no exercicio económico de 2024 a data de emisión do presente informe convén ter en conta os datos de recadación do presente exercicio a saber:

CÁLCULO AXUSTE CRITERIO DE CAIXA. DATOS EXERCICIO 2024					
Capítulos	Dereitos recoñecidos netos	Recadación orçamento corrente	Recadación orçamentos pechados	Total recadado	% recadación/dereitos recoñecidos netos
Capítulo 2	186.720,41	184.030,68	7.064,67	191.095,35	102,34%

A media de recadación dos dous exercicios é do 68,13% e por tanto a porcentaxe de axuste é do -31,87%

3º) Aplicamos devanditas porcentaxes ás previsións recollidas no proxecto de orzamento do exercicio 2025, o cal nos lanzan os importes de axuste que reducen as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulo	Previsións orzamento 2025	% axuste	Importe axuste
1	2.241.243,48 €	-2,97	-66.564,93 €
2	188.857,26 €	-31,87	-60.188,81 €
3	1.009.228,97 €	-1,44	-14.532,90 €
TOTAL			-141.286,64 €

2º) AXUSTE: Participación en ingresos do Estado.

En contabilidade nacional, os pagos mensuais a conta dos impostos cedidos e dos Fondos Complementario de Financiamento rexístranse no período en que se pagan polo Estado, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e satisfaise.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

No presente exercicio non se contempla ese axuste.

Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento.

Este axuste non vén relacionado expresamente na normativa mencionada, aínda que si que aparece no formulario da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local coa información para remitir con ocasión da liquidación do orzamento. (Anexo F1.1.B1) O seu importe é o resultado da suma daquelas devolucións de ingresos indebidos recoñecidas, pero que non foron pagas e por tanto non aplicadas a orzamento. (saldo da conta 418). O seu importe supón un axuste negativo que diminúe a capacidade de financiamento.

No presente exercicio non se contempla ese axuste.

B) GASTOS Axustes a realizar:

Axuste por grao de execución do gasto:

A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (3ª edición)" establece que "este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario. E aumentaraos naqueles créditos cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente. " "Este axuste estimarase por cada Entidade Local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real." Para determinar este axuste seguiuise o criterio do exercicio anterior, aplicando a media de execución dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables e os considerados valores atípicos, en especial os financiados con cotas de urbanización, resulta a porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que se especifica a continuación, que aplicado ás previsións do orzamento de 2025 minora os empregos non financeiros:

CAPÍTULO 1

	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% Execución
Exercicio 2021	-7,29	1.533.937,03	-7,29
Exercicio 2022	-2,58	1.513.355,59	-2,58
Exercicio 2023	+2,05	1.604.190,84	+2,05
Cálculo media porcentaxe execución			-2,61
previsión de gastos non financeiros 2025 capítulo 1			1.602.336,83
Importe do axuste sobre previsión de gastos non financeiros 2025			41.820,99 €



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

CAPÍTULO 2

	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% Execución
Exercicio 2021	3.394.315,65	2.938.205,48	-13,44
Exercicio 2022	3.966.182,11	3.982.346,58	+0,41
Exercicio 2023	3.746.008,93	3.819.463,13	1,96
Cálculo media porcentaxe execución			-3,68
previsión de gastos non financeiros 2025 capítulo 2			4.435.021,58
Importe do axuste sobre previsión de gastos non financeiros 2025			163.208,79

CAPÍTULO 4

	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% Execución
Exercicio 2021	607.712,50	471.325,06	-22,44
Exercicio 2022	662.296,74	572.984,16	-13,48
Exercicio 2023	794.950,00	686.202,13	-13,68
Cálculo media porcentaxe execución			-16,53
previsión de gastos non financeiros 2025 capítulo 4			823.227,73
Importe do axuste sobre previsión de gastos non financeiros 2025			136.079,54

CAPÍTULO 6

	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% Execución
Exercicio 2021	999.929,71	962.606,80	-3,73
Exercicio 2022	1.258.665,93	1.547.867,94	+22,98
Exercicio 2023	2.130.621,03	1.440.349,61	-32,40
Cálculo media porcentaxe execución			-4,38
previsión de gastos non financeiros 2025 capítulo 6			130.480,39
Importe do axuste sobre previsión de gastos non financeiros 2025			5.715,04

Axuste sobre o Capítulo 3.-

Os intereses rexístranse segundo o criterio do pagamento. Por tanto, deberíamos quitar a parte de intereses que pagándose no ano 2025 devéñanse no 2024, e deberíamos engadir os intereses que se pagarán no ano 2026, pero que se devindicaron no ano 2025. Con todo, dado a pequena contía dos axustes para realizar e en aplicación do principio de importancia relativa considérase non necesario realizar este axuste.

C) OUTROS AXUSTES:

Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Estes son os gastos recolleitos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar ao 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior, así como os gastos do exercicio anterior que aínda non figurando na devandita conta propónse a súa aprobación como recoñecemento extraxudicial de créditos. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven incrementalo mediante a súa aplicación a orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. Pero este axuste como se describiu é aplicable en fase de liquidación do exercicio. Debe considerarse o disposto no Manual da IGAE de cálculo do déficit, páxinas 89 e seguintes, xa que non se trata só do gasto que se coñece como extraxudicial de crédito, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

Dado que se considera que a conta 413 non reflexará saldo ó final do exercicio de 2025 diferente ó saldo inicial non procede practicar este axuste.

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do expediente de orzamento para o exercicio económico de 2025 deste Concello do Oroso, unha vez realizados os axustes detallados presenta os seguintes resultados:

	PRESUPUESTO DE INGRESOS 2025	Importe
+	Capítulo 1: Impuesto Directos	2.241.243,48
+	Capítulo 2: Impuesto Indirectos	188.857,26
+	Capítulo 3: Tasas y otros ingresos	1.009.228,97
	Capítulo 4: Transferencias corrientes	
+		3.828.254,97
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniales	8.600,00
+	Capítulo 6: Enajenación de inversiones	0,00
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	1.039.600,97
=	A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	8.315.785,65

	PRESUPUESTO DE GASTOS DE 2025	
+	Capítulo 1: Gastos de personal	1.602.336,83
+	Capítulo 2: Compra de bienes y servicios	4.435.021,58
+	Capítulo 3: Gastos financieros	3.500,00
+	Capítulo 4: Transferencias corrientes	823.227,73
+	Capítulo 5. Fondo de contingencia y otros imprevistos	70.000,00
+	Capítulo 6: Inversiones reales	1.170.081,36
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	211.618,15



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

=	B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	8.315.785,65
=	A - B = C) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	0,00
	D) AJUSTES SEC-95	205.537,72
GR000	Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 1	-66.564,93
GR000b	Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 2	-60.188,81
GR000c	Ajuste por recaudación ingresos Capitulo 3	-14.532,90
GR015	Ajuste por grado de ejecución del gasto	+346.824,36
	C+D= F) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA AJUSTADA	205.537,72
	% ESTABILIDAD (+) / NO ESTABILIDAD (-) : AJUSTADA	2,47

Cuarto. – Cumprimento do principio de sustentabilidade financeira.

O artigo 4 da LOEPSF define o principio de sustentabilidade financeira, e sinala respecto diso que:

“1. As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira.

2. Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

3. Para o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.”.

a) Período medio de pago.

Por esixencia do apartado 6 do artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira (engadido polo artigo primeiro, apartado tres da Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público); a Disposición adicional cuarta da mesma Lei

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

débeda comercial en termos económicos, este indicador mantívose nos seguintes prazos:

EXERCICIO 2023

PMP en días	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre
	11,44	12,58	16,45	14,03

EXERCICIO 2024

PMP en días	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
	24,15	25,79	17,09

No artigo 13 da LOEPSF, Instrumentación do principio de sustentabilidade financeira, fíxanse límites de débeda e as consecuencias en caso de incumprimento. A normativa de estabilidade orzamentaria é nova respecto ao endebedamento das entidades locais ao regular por primeira vez a fixación duns obxectivos de débeda. Con todo, os límites de endebedamento aplicables a cada unha das entidades locais recóllense no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL), tendo en conta o establecido na disposición final trixésima primeira da 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modificou a disposición adicional décimo cuarta da Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

No mesmo Acordo de Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023 fixéronse os obxectivos de débeda pública para o subsector local no trienio 2024- 2026 (1,4% para 2024; 1,3% para 2025 e 1,3% para 2026), que tamén se aprobaron polo Congreso dos Deputados o 10 de xaneiro e rexeitáronse polo Senado o 7 de febreiro.

Posteriormente, o Consello de Ministros adoptou, o 13 de febreiro, un segundo acordo, coincidente co anterior, que foi ratificado de novo polo Congreso dos Deputados o día 29 de febreiro e rexeitamento polo Senado o día 6 de marzo.

Dado o obxectivo de superávit do 0,2% para o subsector local aplicable en 2024, tendo en conta que o nivel de débeda sobre PIB do subsector ao peche de 2023 foi do 1,6% e que o artigo 15.3 da LOEPSF establece que a fixación do obxectivo de débeda pública será coherente co de estabilidade orzamentaria, o obxectivo de débeda pública aplicable ao subsector local en 2024 será do 1,4% do Produto Interior Bruto.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Con todo, para cada entidade local individualmente considerada aplícanse os límites ao endebedamento previstos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).

A débeda financeira debe medirse en termos de volume de débeda viva, incluída aquela a efectos do Protocolo de Déficit Excesivo, e do límite de endebedamento a efectos do réxime de autorización de novas operacións de crédito establecido nos artigos 52 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

No orzamento do 2025 do Concello de Oroso non se prevé apelar a concertación de operacións de endebedamento.

O Concello de Oroso non ten operacións de endebedamento vixentes a efectos do protocolo de déficit excesivo (DEBEDA PDE).

Polo que respecta ás operacións de endebedamento vixentes coa Deputación Provincial de A Coruña e que representan o volume de débeda viva no momento de emisión do presente informe ascenden á cantidade de 1.103.411,03 o que supón o 17,90% dos recursos correntes liquidados do último exercicio económico de 2023.

Este cálculo non é o que debe practicarse en cumprimento do disposto no artigo 53 do TRLRHL no momento de concertar operacións de crédito, xa que o método de cómputo é distinto e hanse de considerar datos de liquidación, e non sobre previsións. Ademais de que se se supera o 75 por cento e ata o 110 por cen requiriríase autorización para concertar novas operacións.

Quinto. Cumprimento da regra de gasto.

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na fase de elaboración do orzamento, a verificación do cumprimento da regra de gasto realízase a efectos meramente informativos, tal e como sinalou Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en consulta do 5 de decembro de 2014.

En todo caso, para a súa avaliación partiuse da liquidación de 2023, e tomouse como taxa de referencia a aconsellada pola Comisión Europea como porcentaxe máxima de aumento do gasto neto primario, que se fixou para 2025 no 2,7%.

A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calcúlase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{T.V. Gasto computable (\%)} = \left(\frac{\text{Gasto computable año } n}{\text{Gasto computable año } n-1} - 1 \right) * 100$$

Entenderase por “gasto computable” os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10), excluídos os intereses da débeda e os gastos financiados con fondos finalistas ou afectados e con transferencias por fondos dos sistemas de financiamento dadas polas Deputacións Forais do País Vasco á CCAA así como as dadas polos Cabidos Insulares aos Concellos canarios.

Considéranse “empregos non financeiros”, os gastos dos capítulos I a VII do Orzamento. Descontando os gastos relacionados cos intereses da débeda (Capítulo III. Gastos Financeiros, salvo os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais), obteremos os “empregos non financeiros (excepto intereses da débeda)”.

O gasto computable resultante da liquidación do exercicio económico de 2023 reflexa o seguinte resultado:

Entidad	Gasto computable Liq.2022 sin IFS(GC2022) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2022) (11)	(2)=((1)- (11))*(1+TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2023 (IncNorm2023) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2023) (4)	Gasto computable Liquidación 2023 (GC2023)(6)
11-15-060-AA-000 Oroso	6.022.215,94	0,00	-----	-111.407,74	0,00	5.781.768,80
Total de gasto	6.022.215,94	0,00	-----	-111.407,74	0,00	5.781.768,80



**ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

computable						
------------	--	--	--	--	--	--

A.- Determinación dos empregos non financeiros do exercicio económico de 2025.

Atendendo á metodoloxía de cálculo da normativa vixente, é necesaria a realización dos seguintes axustes:

a) Grao de execución do orzamento

A execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo para o cálculo do gasto computable cando se parte do proxecto de orzamento ou do orzamento inicial, realizarase un “axuste por grao de execución do gasto” que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros.

Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles créditos que polas súas características ou pola súa natureza considérense de imposible execución no exercicio orzamentario. E aumentaraos naqueles créditos cuxa execución vaia a superar o importe dos previstos inicialmente.

Este axuste estimarase por cada Entidade Local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real.

En función dos cálculos expostos anteriormente o mencionado axuste para o Concello de Oroso no exercicio económico de 2025 ascende a 346.824,36 euros.

b) Axustes sobre os compoñentes do gasto que non teñen un carácter fixo ou que teñen un carácter preferente non sometido a limitación de crecemento. Gastos financiados con fondos finalistas

Para obter o gasto computable definido na regra de gasto, descontarase a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas. Neste sentido, reducirase a parte do gasto que se financie con ingresos afectados aínda cando estes fondos percíbanse nun exercicio distinto ao do pagamento do gasto. Son gastos que teñen a súa contrapartida en ingresos, non se limita o seu crecemento ao non supoñer un crecemento do gasto en termos estruturais.

O mencionado axuste ascende á cantidade de **2.342.312,89 euros** e desglosase da seguinte forma:

**A.1) TRANSFERENCIAS CORRENTES EN CUMPRIMENTO DE CONVENIOS
SUBSCRITOS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA . 32.307,00**



**ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN 2025
45030	Convenio comedor escolar. Expediente 2022/A006/000001	32.307,00 €

**A.2) OUTRAS SUBVENCÍONS CORRENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.
551.035,54 euros**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA
450.80	Escola Infantil.	60.019,24 euros.
450.80	Plan Concertado axuda no fogar dependencia (30.936,00 horas autorizadas no SIGAD)	371.232,00 euros
450.80	Plan Concertado financiamento traballadoras sociais	36.300,00 euros
450.80	Programa fomento conciliación (corresponsabilidade).	70.798,71 euros
450.80	Dinamización da lectura.	1.239,66 euros
450.80	Mellora coleccións bibliográficas Expediente	2.114,16 euros
450.80	Ler conta moito	840,51 euros
450.80	Escola Música	8.491,26 €

**A.3) TRANSFERENCIAS CORRENTES DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA: 21.500,00 euros.**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA
45100	Convenio aula cemit.	15.000,00 euros
45100	Festas de interese turístico	4.000,00 euros
45100	Cultura no camiño	2.500,00 euros.

A.4) SUBVENCIÓN CON CARGO AO FEADER. 18.328,32 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA
49400	Subvención convenio incendios roza mecanizada 57,276.	18.328,32 euros

A.5) SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. 679.541,06 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA
46100	PEL 2024	43.000,00 €



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

46100	POS gasto corrente.	370.089,76 €
46100	POS social.	66.855,40 €
46100	FOPPSS modalidade axuda fogar libre concorrencia (6.750 horas a 14 euros hora)	94.500,00 €
46100	FOPPSS	20.000,00 €
46100	Rede cultural.	22.144,20 €
46100	Escola música.	12.500,00 €
46100	Técnico Deportes.	10.000,00 €
46100	Socorrismo.	6.582,17 €
46100	Técnico de turismo.	13.869,53 €
46100	Outros compromisos ingreso	20.000,00 €

SUBVENCÍONS DE CAPITAL

Proxecto	Aplicación Orzamentaria	Denominación do Proxecto	Importe Anualidade	Tipo Financiación					Total
				Recursos Propios	Ingresos Afectados.				
					Financ. UE	Financ. Estado	Financ. CCAA	Financ. Deputación.	
2021/2/POS/2	1533.60901 POS+2021	Ampliación de beirarrúas marxe esquerda Avenida Compostela entre os números 22 e 36	62.901,33	7.995,57	0,00	0,00	0,00	54.905,76	62.901,33
2021/2/POS/5	453.61906	Reparación do ponte do Carboeiro en Berdomás	80.279,66	0,00	0,00	0,00	0,00	80.279,66	80.279,66
2024/2/POS/1	1532.61901	Mellora rede viaria Vilacide Arriba, de Abaixo, a Costa e Sigüeiro	195.577,22	0,00	0,00	0,00	0,00	195.577,22	195.577,22
2023/2/POS/2	165.60901	Alumeado exterior Praza Alexandre bóveda	125.224,24	0,00	0,00	0,00	0,00	125.224,24	125.224,24
2024/2/ POS+AD/1	1532.60900	Senda Valverde-Vilarelle	111.942,23	0,00	0,00	0,00	0,00	111.942,23	111.942,23
2024/2/ POS+AD2b/1	342.60900	Renovación Césped de Campo de Fútbol Lino Balado	189.136,21	0,00	0,00	0,00	0,00	189.136,21	189.136,21
2024/2/ POS+AD2b/2	1532.60903	Mellora rúa Portiño e	285.416,20	2.880,55	0,00	0,00	0,00	282.535,65	285.416,20



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

		Outros							
--	--	--------	--	--	--	--	--	--	--

c) Aumentos permanentes de recadación.

No caso de que se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes de recadación poderase aumentar na contía equivalente o nivel de gasto computable. No caso de que supoñan reducións permanentes de recadación deberase diminuír na contía equivalente o nivel de gasto computable. Por exemplo: modificacións de ordenanzas fiscais, revisión de valores catastrais e o establecemento de novas taxas e prezos públicos.

Os aumentos permanentes de recadación contemplados no orzamento do exercicio económico de 2025 veñen motivados pola modificación proposta no prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio e na taxa por recollida domiciliaria de lixo. O desglose é o seguinte:

Referencia normativa	Descrición	Aplicación orzamentaria	Valoración anual do cambio
Ordenanza fiscal	Modificación do prezo público axuda a domicilio	341.05	17.397,83 € (diferencia entre previsión do exercicio 2024 e previsión exercicio 2025)
Ordenanza fiscal	Modificación taxa servizo de recollida domiciliaria de lixo	302.00	39.816,48 € (diferencia entre previsión do exercicio 2024 e previsión exercicio 2025)

Por tanto, o gasto computable do ano 2025 é o que se detalla a continuación:

	CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Orgánica 2/2012)	Año 2023	Año 2025
=	A) EMPLEOS NO FINANCIEROS (SUMA DE CAPÍTULO 1 A 7)	0,00	8.315.785,65
=	B) EMPLEOS NO FINANCIEROS (excepto intereses de la deuda)		
(-)	Enajenación	0,00	0,00
(+/-)	Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local	0,00	0,00
(-)	Inversiones realizadas por la Corporación Local por cuenta de otras AAPP	0,00	0,00
(+)	Ejecución de Aavales	0,00	0,00
(+)	Aportaciones de capital	0,00	0,00
(+)	Asunción y cancelación de deudas	0,00	0,00
(+/-)	Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	0,00
(+)	Pagos a socios privados en el marco de Asociaciones público privadas	0,00	0,00
(+/-)	Adquisiciones con pago aplazado	0,00	0,00
(+/-)	Arrendamiento financiero	0,00	0,00



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

(+)	Préstamos fallidos	0,00	0,00
(-)	Grado de ejecución del gasto		346.824,36
(-)	Ajustes Consolidación presupuestaria	0,00	0,00
(-)	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	0,00	2.342.312,89
(-)	Inversiones Financieramente Sostenibles	0,00	0,00
=	D) GASTO COMPUTABLE	5.781.768,80	5.626.648,40
(-)	Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)		57.214,31
(+)	Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)		0,00
=	E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO año n = Gº computable +/- Aumento/reducción permanente recaudación	5.781.768,80	5.569.434,09
a	Variación del gasto computable		-212.334,71
b	Tasa de referencia crecimiento PIB m/p		156.107,76
	Diferencia entre el límite de la regla de gasto y el gasto computable orzamento 2025		-368.442,47
	%incremento gasto computable 2025/2023		-6,37

Sexto. Límite de gasto no financeiro.

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais a mesma obrigación que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto. Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos. Utilízase neste caso a comparación co obxectivo de estabilidade orzamentaria, dado que non se calcula a regra de gasto neste momento.

Determinación:

A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2025, obtemos os seguintes datos:

Capítulo 1 a 7 gastos: 8.315.785,65 euros.

Axustes SEC 95: -346.824,36 euros.

Gastos non financeiros axustados: 7.968.961,29 euros

Capítulo 1 a 7 ingresos: 8.315.785,65



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Axustes SEC 95: -141.286,64 euros.

Ingresos non financeiros axustados: 8.174.499,01 euros

Verificación cumprimento estabilidade: 205.537,72 euros.

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:

Teito de gasto non financeiro: 8.521.323,37 euros.

CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, REGRA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA.

Primeiro. O Orzamento consolidado Xeral do exercicio 2025 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria toda vez que presenta superávit en termos de capacidade de financiación conforme á definición contida no SEC 95 e no SEC 2010.

Segundo. No proxecto de Orzamento Xeral para 2025 partindo do gasto computable da última liquidación aprobada (exercicio económico de 2023) verificase, con efectos meramente informativos, o cumprimento do obxectivo de regra de gasto. En todo caso o cumprimento ou incumprimento da mesma deberá verificarse coa aprobación da liquidación do exercicio de 2025 partindo do gasto computable da liquidación do exercicio económico de 2024.

Terceiro. O proxecto de Orzamento xeral para 2025 cumpre igualmente co obxectivo de débeda pública.

Cuarto. Igualmente, o límite de gasto non financeiro a aprobar non será superior a **8.521.323,37 euros**.

Oroso a data de sinatura electrónica.

O Interventor.

Asdo. Carlos Temprano Temprano.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Título: Informe de intervención.

Asunto: Expediente de aprobación do orzamento do Concello para o exercicio de 2025.

INFORME DE INTERVENCIÓN.

Don CARLOS TEMPRANO TEMPRANO, Interventor do Concello de Oroso en virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria e vista a Memoria da Alcaldía-Presidencia e o Informe Económico-financeiro de data 18 de novembro de 2025 subscrito ao efecto, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O Proxecto do Orzamento xeral para o exercicio económico de 2025, formado polo alcalde-presidente do Concello, está integrado polo orzamento único da entidade local.

Conforme ao establecido na normativa reguladora da estrutura orzamentaria, Orde HAP 419/2004 do 14 de marzo, que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, o orzamento contén para cada un dos orzamentos que nel intégranse:

- A. Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender o cumprimento de obrigacións.
- B. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

CONTIDO.

De acordo co disposto no artigo 166 e 168 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (artigo 168 redactado polo apartado 2º da Disposición Final 1ª do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de Medidas de Sostenibilidade Financeira das Comunidades Autónomas e Entidades Locais), o Orzamento da entidade local será formado polo seu presidente e a el deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- c) Anexo de persoal da entidade local.
- d) Anexo dos investimentos para realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais que conteña información detallada dos beneficios fiscais e da súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio a que se refire o Orzamento xeral e das obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobramento, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria en que se recollen, e a referencia a que tales convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento a que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- g) Un informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- h) Estado de débeda viva e cálculo do aforro neto e bruto orzamentario.
- i) Bases de Execución do Orzamento.
- j) Informe da Intervención Xeral.

Ao presente proxecto de orzamento xeral non se incorporan como Anexos os Plans e Programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos poderán formular os municipios e demais entidades de ámbito supramunicipal, á luz do establecido no artigo 166.1.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

PRINCIPIOS. Os principios orzamentarios indican as normas ou regras básicas polas que, con carácter xeral, debe rexerse o presuposto. Cabe sinalar os seguintes:

a) **Principio de competencia.**

b) **Principio de temporalidade ou anualidade e principio de plurianualidade.** O artigo 163 do TRLRFL sinala que o exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a el imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, e as obrigas recoñecidas durante o mesmo e o artigo 164.1 do mesmo texto legal indica que as entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral... Agora ben, non obstante o anterior, débese ter presente o artigo 5 “Principio de plurianualidade” da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, do seguinte tenor literal: “A elaboración dos Presupostos das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei encadrarase nun marco presupostario a medio prazo, compatible co principio de anualidade polo que se rexe a aprobación e execución dos presupostos, de conformidade coa



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

normativa europea”.

c) **Principio de universalidade.** Este principio ven recollido no artigo 162 do TRLRFL segundo o cal “os Presupostos Xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que preverán liquidar durante o correspondente exercicio, así como as previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente á entidade local correspondente” e de modo máis explícito no artigo 4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ó indicar que “ o Presuposto Xeral da entidade local incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da mesma”.

d) **Principio de presuposto bruto.** O presuposto non só debe incluír todos os ingresos e gastos da entidade, senón que ademais uns e outros deben aparecer polo seu importe íntegro. Neste senso se pronuncia o artigo 165.3 TRLRFL que sinala “os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse ós orzamentos polo seu importe integro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de modo expreso. Exceptúanse do anterior as devolucións de ingresos que se declaren indebidos polo tribunal ou autoridade competente.

e) **Principio de unidade.** O principio de unidade complementa o de universalidade apuntando que a presentación dos ingresos e gastos debe facerse en forma de presuposto único, se ben entendido como unha unidade divisible pero única na súa globalidade . Son varios os preceptos do TRLRFL que se refiren de maneira máis ou menos directa a este principio destacando o artigo 168.5 que sinala “o acordo de aprobación, que será único, deberá detallar os presupostos que integran o Presuposto Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

f) **Principio de non afectación.** Ven expresamente formulado polo artigo 165.2 do TRLRFL ó dispor que “os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís destinaranse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

g) **Principio de especialidade.** Nunha tripla vertente: especialidade cualitativa, cuantitativa e temporal.

g.1.) Especialidade cualitativa. O artigo 172.1 do TRLRFL sinala que os créditos para gastos destinaranse á finalidade específica para a cal foron autorizados no Presuposto Xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas.

g.2.) Especialidade cuantitativa. O artigo 172.2 do TRLRFL sinala que os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante e o artigo 173.5 sinala que non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

prexuízo das responsabilidades a que dean lugar.

g.3.) Especialidade temporal. O artigo 176.1 do TRLRFL sinala que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante contéplanse excepcións a este principio no artigo 176.2 e 26.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Presupostos Xerais da Entidade Local.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores que se recoñezan a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

h) **Principio de publicidade.** No ámbito local este principio está garantido por partida dobre, pois tanto a aprobación inicial do Orzamento Xeral como a aprobación definitiva do mesmo son obxecto de publicación. Asemade o artigo 169.7 do TRLRFL dispón que “ a copia do presuposto e das súas modificacións deberá atoparse a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

i) **Principio de equilibrio orzamentario.** Este principio enúnciase no artigo 165.4 TRLRFL indicando que cada un dos presupostos que se integran no Presuposto Xeral deberán aprobarse sen déficit inicial, engadindo o artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que asimesmo, ningún dos presupostos poderá presentar déficit ó longo do exercicio, o que conleva que todo incremento nos créditos orzamentarios ou decremento nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

Debe sinalarse que a lexislación aplicable ás Entidades Locais, en materia de Orzamentos, Modificacións Orzamentarias e Documentación integrante dos mesmos é a contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004) e o desenvolvemento contido no Real Decreto 500/90 de 20 de abril, lexislación esta que prevalece sobre calquera outra por razón á natureza de lexislación básica do Estado contida en dita Lei, e pola especialidade e especificidade das materias que regula esta Lei.

Polo contrario a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, unicamente é de aplicación ás Entidades Locais, en aquelas cuestións específicas relativas a:

- Cumprimento da situación de equilibrio presupostario: nas 3 fases de elaboración, execución e liquidación do Presuposto do Concello.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- Cumprimento do principio de sostenibilidade financeira entendido como capacidade para poder financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e de débeda pública.
- Cumprimento do principio de estabilidade presupostaria, no senso de que a elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade presupostaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.
- Cumprimento da regra de gasto entendida no senso de que a variación do gasto non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do P.I.B de medio prazo fixada polo Goberno, seguindo a metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da normativa comunitaria.

SEGUNDO. O procedemento que se debe seguir é:

A. Unha vez emitido o informe pola Intervención e dado conta do Capítulo 1 do Orzamento á Mesa Xeral de Negociación, emitirase un ditame da Comisión Informativa , que llo trasladara ao Pleno da Corporación cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación para a súa aprobación.

En relación coa competencia, o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento xeral. O quórum necesario para a válida adopción do acordo de aprobación será o de maioría simple, segundo o disposto nos artigos 22.2.e) e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

B. Aprobado inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2025, exporase ao público, logo do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Coruña*, por quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo 20, terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva Entidade local (artigo 151.1, a), LRHL).*
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da Entidade local (artigo 151.1, b), LRHL).*
- Os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (artigo 151.1, c), LRHL).*



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o Orzamento:

- a) *Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites legais.*
- b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo (artigo 151.2, b), LRHL).*
- c) *Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estean previstos (artigo 151.2, c), LRHL).*

C. O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

D. O Orzamento xeral deberase publicar no *Boletín Oficial da Provincia de Coruña* resumido por capítulos, e entrará en vigor no exercicio 2025, unha vez que se publique na forma prevista anteriormente.

E. Deberá remitirse unha copia do Orzamento xeral á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. Esta remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao *Boletín Oficial da Provincia de Coruña* do anuncio descrito anteriormente.

Unha copia do Orzamento deberá estar á disposición do público, para efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

F. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderase interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de devandita xurisdición en virtude do artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

TERCEIRO. O presuposto do Concello para o exercicio económico de 2025 preséntase equilibrado, sen déficit inicial, cuns ingresos e gastos por importe de OITO MILLÓNS TRESCENTOS QUINCE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (8.315.785,65 €)

CUARTO. Ao Proxecto de Orzamento xeral incorpóraselle a documentación legalmente esixible.

Ao Orzamento da entidade local formado polo alcalde-presidente, xúntaselle a seguinte documentación:

- Memoria subscrita polo alcalde, explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento actualmente en vigor.
- Estado de gastos e estado de ingresos.
- Bases de execución do Orzamento.
- Liquidación do orzamento do exercicio económico de 2023 e avance da liquidación do exercicio corrente referida alomenos aos seis primeiros meses do exercicio.
- Anexo de persoal da entidade local.
- Anexo de investimentos para realizar no exercicio, subscrito polo presidente e debidamente codificado.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais que contén información detallada dos beneficios fiscais e da súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas comunidades autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio a que se refire o Orzamento xeral e das obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobramento, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria en que se recollen.
- Informe económico-financeiro, en que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e a nivelación do Orzamento.
- Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública.

QUINTO. O resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS



**ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

Capítulo	Denominación	Orzamento de 2025	
		EUROS	%
A)	<u>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</u>	<u>8.315.785,65</u>	<u>100</u>
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	<u>7.276.184,68 €</u>	<u>87,50</u>
1	Impostos directos	2.241.243,48 €	26,95
2	Impostos indirectos	188.857,26 €	2,27
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	1.009.228,97 €	12,14
4	Transferencias correntes	3.828.254,97 €	46,04
5	Ingresos patrimoniais	8.600,00 €	0,10
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	<u>1.039.600,97 €</u>	<u>12,50</u>
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €	0,00
7	Transferencias de capital	1.039.600,97 €	12,50
B)	<u>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</u>	<u>0,00 €</u>	<u>0,00</u>
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00
	TOTAL INGRESOS	<u>8.315.785,65</u>	<u>100</u>

ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Orzamento 2025	
		EUROS	%
A)	<u>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</u>	<u>8.315.785,65 €</u>	<u>100</u>



**ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó
EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025**

.1	OPERACIÓNS CORRENTES	6.934.086,14 €	83,38
1	Gastos do Persoal	1.602.336,83 €	19,27
2	Gastos correntes en bens e servizos	4.435.021,58 €	53,33
3	Gastos financeiros	3.500,00 €	0,04
4	Transferencias correntes	823.227,73 €	9,90
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	70.000,00 €	0,84
A.2	OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.381.699,51 €	16,62
6	Inversións Reais	1.170.081,36 €	14,07
7	Transferencias de capital	211.618,15 €	2,55
B)	<u>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</u>	0,00 €	0,00
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00
	TOTAL GASTOS	8.315.785,65 €	100

SEXTO. ANÁLISE DO PRESUPOSTO DO CONCELLO PARA O ANO 2025.

A) CONTEXTUALIZACIÓN DO MESMO.

Antes de analizar o presuposto do Concello para o exercicio de 2025 e a pesar de non ser obxecto propio deste informe considerase necesario pola Intervención situar o mesmo no contexto xeral do Concello.

Como se sinalou anteriormente un dos principios fundamentais non só en materia orzamentaria senón tamén contable é o principio de anualidade orzamentaria. Dito principio de anualidade establece que os créditos consignados no orzamento autorízanse por un exercicio orzamentario e a duración de dito exercicio coincidirá co ano natural.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

Dito principio de anualidade garda unha íntima conexión co principio de imaxe fiel que é un principio contable que se refire á necesidade de que os estados financeiros reflexen con exactitude a situación económica e financeira.

Para que os estados contables reflexen unha imaxe fiel é necesario que se baseen en información relevante e fiable, que se presenten de maneira clara e ordenada e que se respecten os principios contables e as normas fiscais aplicables.

Como esta intervención ten posto de manifesto no caso do Concello de Oroso existen diversas situacións principalmente en materia de gastos que supoñen unha quebra importante do principio de anualidade orzamentaria afectando a imaxe fiel que debe presidir a contabilidade municipal e a diversas magnitudes como son o aforro ou o remanente de Tesourería. O feito que maior distorsiona a realidade económica e contable do Concello é a situación de “prórroga por razóns de interese público” dos diferentes contratos de servizos (abastecemento de auga, saneamento, axuda no fogar na modalidade de dependencia e libre concorrência, recollida domiciliaria de lixo, parques e xardíns, instalacións deportivas....).

Tal e como sinala a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado no expediente 76/21 “ya no puede desplegar efectos obligatorios derivados de la aplicación de las cláusulas del contrato referentes a la ejecución de la prestación. O, dicho de otro modo, ninguna de las cláusulas de contenido obligacional relativas a la ejecución del contrato continúa obligando a la entidad pública contratante o al contratista, de modo que ninguno de ellos puede extender en el tiempo la eficacia del contrato fuera de los supuestos legalmente autorizados”.

Continúa sinalando que “La desaparición de los efectos jurídicos de las cláusulas que regían la vida del contrato público (ya sea en los pliegos o en el documento contractual) impide, por principio, que las partes puedan compelerse recíprocamente al cumplimiento de aquellas. La revisión de precios es una cláusula de inequívoco contenido contractual en la inmensa mayoría de los contratos públicos. Su eficacia deriva directamente del acuerdo de voluntades entre las partes y, aunque su definición está sometida a las condiciones estrictas que marca la legislación aplicable, su fuerza vinculante emana del contrato público y no de la ley. Por tanto, si el contrato está extinguido por cumplimiento y, como consecuencia de ello, las antiguas obligaciones del contrato ya no vinculan a las partes, las derivadas de la revisión de precios, en atención a su marcado origen contractual, tampoco.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

A continuidade na prestación do servizo máis alá da duración máxima do contrato prevista no prego de cláusulas administrativas non pode implicar en ningún caso unha sorte de rehabilitación dos efectos do contrato. Tal circunstancia só cabe cando se aplican as rigorosas condicións que establece no artigo 29.4 da LCSP. Polo contrario se por deixadez, falla de previsión ou calquera outra razón non xustificada do órgano de contratación a prestación se executase en ausencia de licitación insistimos que elo non supón en modo algún que o contrato xa extinguido volvese a recuperar unha forza de obrigar xa desaparecida e polo tanto tampouco a referida a unha eventual revisión de prezos.

Elo non significa que a execución das prestacións poida realizarse de tal forma que unha das partes se enriqueza de modo indebido. É tradicional no noso dereito entender que o carácter sinalagmático da relación xurídica mantida quebraría se a entidade contratante non paga adecuadamente pola prestación realizada, vulnerando o principio de xusto equilibrio entre as prestacións. Así o declarou o Tribunal Supremo, por exemplo, na súa sentenza de 29 de abril de 2008 na que, ante un suposto de execución de unidades de obra non previstas no contrato, sinalou que *“entender las cosas de otra manera, en el sentido de que el exceso de obra no obliga al Ayuntamiento, constituye un atentado a la lógica de las cosas. Cuando por la naturaleza de las cosas, o, por acuerdo de las partes, es necesario un aumento de la obra prevista contractualmente las consecuencias habrán de ser soportadas por ambos contratantes. El contratista realizando el exceso de obra, y el ente público pagando el exceso de obra realizado. Tesis acorde con el artículo 47 LCE que proclama el derecho del contratista «al abono de la obra que realmente ejecuta»*. Como sinala o Alto Tribunal na súa sentenza de 23 de marzo de 2015, a doutrina do enriquecemento inxusto ten como finalidade corrixir situación de total desequilibrio, que orixinarían uns efectos, sen causa, de correlativo enriquecemento e empobrecemento entre as partes.

Estas ideas foron refrendadas, entre outras moitas, pola sentenza do TS (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4), de 2 de outubro de 2006.

Este mesmo criterio tamén se sostivo pola Xunta Consultiva no informe 31/2017, de 9 de maio de 2019, no que se indica que *“partiendo del hecho de que la situación de patología en la continuación de la prestación se genera como consecuencia de un retraso de la Administración en la licitación del nuevo contrato, las consecuencias que de ello derivan para el contratista deben resolverse teniendo en cuenta la proscripción del enriquecimiento injusto de las partes en el contrato. Conforme a este principio resulta lógico entender que, una vez prolongada la obligación de prestación del servicio público a un contratista por causa imputable a la Administración, esta debe compensar al contratista íntegramente por la totalidad de los gastos en que éste haya tenido que incurrir para asegurar la continuidad de la prestación.”*

A aplicación da doutrina do enriquecemento inxusto non resulta en modo algún automática, senón que está sometida a unha serie de requisitos que, de forma resumida serían os seguintes:



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- *Que o particular levase a cabo prestación de modo efectivo.*
- *Que tales prestacións non se deban de modo exclusivo á súa propia iniciativa.*
- *Que non se executen de modo que revelen unha vontade maliciosa polo anterior contratista.*
- *Que teñan a súa orixe en feitos emanados da propia Administración, que causasen a razoable crenza de que o terceiro debía colaborar mediante a execución das prestación.*

Isto pode conlevar reclamacións das diferentes empresas que actualmente prestan os servizos en base a falta de actualización dos prezos como xa está sucedendo nalgúns casos e que poden poñer en risco o cumprimento dos obxectivos de sostenibilidade financeira e de estabilidade orzamentaria en exercicios futuros.

De aí que, tendo en conta que non é obxecto directo do presente informe, considerase necesario insistir unha vez máis tal e como xa se fixo por exemplo no informe de data 27 de marzo de 2023 con ocasión da fiscalización plena de dito exercicio (EXPEDIENTE TEDEC **2024/X999/000004**) na necesidade urxente e inaprazable de regularizar e licitar os diferentes contratos de prestación de servizos que actualmente se encontran na situación descrita.

Fora do sinalado anteriormente o presuposto do Concello de Oroso para o exercicio de 2025 que se somete a informe desta Intervención ascende á cantidade de 8.315.785,65 euros, inicialmente equilibrado nos Estados de Ingresos e Gastos, en cumprimento ó disposto nos artigos 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, artigo 11-1º da Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e artigo 16-1º do Real Decreto 500/90.

A) ANÁLISE DAS PREVISIÓNS DE INGRESOS.

Tendo en conta a evolución do importe dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores, en especial os do último exercicio, enténdese que as previsións contidas pódense cumprir con carácter xeral, coas seguintes consideracións:

- Examinada a documentación obrante no expediente e o reiterativo incumprimento da previsión contida respecto do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a xuízo desta Intervención, e a pesar da redución da mesma nun 44,57% respecto do exercicio de 2024 axustando a mesma os dereitos recoñecidos netos do presente exercicio, a realidade e que o sistema de estimación dos últimos exercicios ven demostrando erros polo que se deberá vixiar a súa materialización e adoptar as medidas oportunas no caso de incumprimento.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- Respecto das taxas, prezos públicos e outros ingresos a materialización das previsións dependerá en gran medida da resolución do expediente de licitación do servizo de axuda a domicilio á maior brevidade posible para determinar o prezo por hora de prestación que deba repercutirse aos usuarios do mesmo a través da modificación do prezo público e da aprobación da modificación da ordenanza reguladora da taxa de recollida domiciliar de lixo que permita a súa aplicación e entrada en vigor no segundo trimestre de 2025.
- Respecto das transferencias correntes remítome ao informe económico financeiro que se adxunta ao orzamento. Soamente apuntar a incerteza no caso da financiación da Comunidade Autónoma incluída para o programa de corresponsabilidade polo que no caso de non materializarse a concesión ou ser de importe inferior o previsto no orzamento a xuízo desta Intervención debería replantexarse o gasto en ditos programas ou a financiación dos mesmos a través de modificación da correspondente ordenanza fiscal a fin de manter o equilibrio orzamentario.
- Respecto das transferencias de capital corresponden a compromisos firmes de ingreso.

En todo caso na medida que que nas Bases de Execución se condiciona a dispoñibilidade dos créditos á existencia de ditos compromisos firmes de ingreso a posible falta de materialización dos mesmos tería un efecto neutro en canto os obxectivos de estabilidade e regra de gasto.

Convén por último en materia de ingresos traer a colación as recomendacións formuladas no informe de fiscalización plena do exercicio económico de 2023 e das que no orzamento so se recolle a relativa o prezo público polo servizo de axuda a domicilio e da taxa pola recollida domiciliar de lixo, a saber:

- A necesidade de esixir o pago da taxa por ocupación da vía pública por terrazas e quioscos de conformidade coa ordenanza aprobada, xa que na actualidade non se está a proceder cobro algún.
- A necesidade de actualizar o Padrón da taxa polo aproveitamento da vía pública para entrada de vehículos a través da beirarrúa.
- A necesidade de abordar os problemas relacionados cos ingresos procedentes de cotas de urbanización.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

- A necesidade de modificar a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo a fin de adaptar a recadación o incremento de custos derivado da necesidade de poñer en funcionamento a quinta fracción.
- A necesidade de revisar a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio adaptando a mesma á realidade do custo do servizo.

Todo elo como se sinalaba no mencionado informe coa finalidade de mellorar o nivel de autonomía financeira e presión fiscal do concello moi por debaixo da media dos municipios españois que se sitúa no 53,8% (no caso do Concello de Oroso sitúase no 37%).

Esta merma na autonomía financeira condiciona a capacidade do Concello para poder acometer investimentos e aumenta a dependencia de recursos alleos para a execución das políticas de gasto municipais, coas connotacións negativas que iso conleva.

A) ANÁLISE DAS PREVISIÓNS DE GASTOS.

Como se sinalou anteriormente unha das conclusións principais do informe de Intervención de fiscalización plena do exercicio económico de 2023 é a de regularizar e licitar os diferentes contratos de prestación de servizos que actualmente se encontran en “prórroga irregular por razón de interese público”.

Dita regularización é fundamental a fin de dar cumprimento o principio contable de imaxe fiel e dispor de información que permita adoptar medidas adecuadas que permitan corrixir unha situación de desequilibrio que se poida producir. A capacidade de licitar ou non ditos contratos determinará de maneira significativa o grado de execución do orzamento así como a necesidade de adoptar medidas en caso de que os importes de adxudicación se desvíen das previsións contidas no Orzamento a fin de manter o equilibrio orzamentario.

Resulta particularmente relevante a situación do servizo de recollida domiciliaria de lixo pois a falla de licitación do mesmo non só repercute no gasto de maneira directa senón tamén de maneira indirecta dado a necesidade de cumprir os requisitos de carácter medioambiental establecidos pola Comunidade Autónoma para acollerse a tarifa reducida de Sogama. A falla de deseño dun sistema de recollida selectiva e de implantación da quinta fracción pode determinar non só o incumprimento dos requisitos para acollerse a



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

tarifa reducida e ter que asumir a diferenza mediante unha liquidación complementaria no exercicio de 2026 senón tamén poñer en risco a aplicación da nova taxa (deberá estar en vigor antes do mes de abril).

Como se sinala no informe de intervención relativo ao avance da liquidación do exercicio corrente referido aos seis primeiros meses do exercicio de 2024 o nivel de gasto autorizado nos seis primeiros meses do exercicio económico de 2024 é do 68,02% dos créditos totais do estado de gastos ó que supón en termos absolutos 7 puntos porcentuais menos que no exercicio de 2023 e 10 por enriba do autorizado no mesmo período do exercicio económico de 2021.

A pesar que o exposto podería levarnos a pensar nunha certa contención do gasto o certo é que o gasto corrente do capítulo 2 increméntase de xeito moi exponencial pasando de 2.796.221,81 euros no exercicio de 2023 a 3.190.644,49 euros. Dito incremento compromete seriamente o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Se efectuamos a ponderación respecto das obrigas recoñecidas observamos unha caída importante de 11 puntos porcentuais que tamén se reflicte no capítulo 2 do gasto corrente pasando de 1.990.411,79 euros no exercicio de 2023 a 1.566.619,06 euros no exercicio de 2024. Se ben outra vez os datos poderían parecer paradóxicos co incremento sinalado anteriormente en materia de autorización de gasto corrente non son outra cousa que o reflexo dos retrasos e dificultades no proceso de xestión ordinaria da facturación que ten o seu traslado no incremento significativo do PMP a provedores (de 12,58 días a 25,79 días)

A vista das magnitudes expostas por esta Intervención considerase necesario trasladar a imperiosa necesidade de reforzar os medios adscritos o proceso de xestión e control do gasto así como reconducir a situación do gasto corrente do Concello a fin de cumprir cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e pago a provedores.

Unha vez máis observamos que o gasto corrente do capítulo 2 segue a senda de crecemento dos últimos exercicios e se ben se modera un pouco (4,63%) todavía se sitúa por enriba da Taxa de crecemento do produto interior bruto que marca a regra de gasto (2,7%). Convén insistir unha vez máis na necesidade de reconducir o mesmo e adecuarse as dispoñibilidades do Concello pois senón unido á merma da autonomía financeira do Concello pode comprometer seriamente a capacidade do mesmo para executar as políticas de gasto e sobre todo para poder acometer investimentos.



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

A consignación do capítulo 4 de gastos efectúase no marco da planificación contida no Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 aprobado polo Pleno do Concello de Oroso na súa sesión ordinaria de data 28 de setembro de 2023 e da proposta de modificación do mesmo dándose cumprimento ó establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, establece que os órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. En todo caso as modificacións contidas en materia de subvencións nominativas requiren a aprobación da modificación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 para a súa efectividade.

CONCLUSIÓN

A. O orzamento contén tódolos documentos esixidos pola lexislación exposta sendo o seu contido axeitado aos datos que figuran na contabilidade municipal, incluíndo as bases de execución do orzamento con bases reguladoras de concesión de axudas de emerxencia social e do programa de alimentos que se entenden axeitadas á Lei xeral de subvencións e demais normativa reguladora e cumpre cos principios sinalados na mesma, a saber:

1º) Principio de equilibrio orzamentario formal, os ingresos son iguais ós gastos, e material, os ingresos correntes son iguais o superiores os gastos correntes.

2º) Principio de non afectación de ingresos, excepto nos casos previstos na lei.

3º) Principio de non compensación de ingresos e gastos.

4º) Principio de especialidade e limitación de créditos.

B. Polo que se refire ó orzamento de ingresos, o aspecto máis salientable é que o orzamento atópase nunha situación de equilibrio real e respecto das previsións contidas no mesmo aínda que se consideran realizables con carácter xeral cabe sinalar:

- Examinada a documentación obrante no expediente e o reiterativo incumprimento da previsión contida respecto do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a xuízo desta Intervención, e a pesar da redución da mesma nun 44,57% respecto do exercicio de 2024 axustando a mesma os dereitos recoñecidos netos do presente exercicio, a realidade e que o sistema de estimación dos últimos



ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025

exercicios ven demostrando erros polo que se deberá vixiar a súa materialización e adoptar as medidas oportunas no caso de incumprimento.

- Respecto das taxas, prezos públicos e outros ingresos a materialización das previsións dependerá en gran medida da resolución do expediente de licitación do servizo de axuda a domicilio á maior brevidade posible para determinar o prezo por hora de prestación que deba repercutirse aos usuarios do mesmo a través da modificación do prezo público e da aprobación da modificación da ordenanza reguladora da taxa de recollida domiciliar de lixo que permita a súa aplicación e entrada en vigor no segundo trimestre de 2025.
- Respecto das transferencias correntes remítome ao informe económico financeiro que se adxunta ao orzamento. Soamente apuntar a incerteza no caso da financiación da Comunidade Autónoma incluída para o programa de corresponsabilidade polo que no caso de non materializarse a concesión ou ser de importe inferior o previsto no orzamento a xuízo desta Intervención debería replantexarse o gasto en ditos programas ou a financiación dos mesmos a través de modificación da correspondente ordenanza fiscal a fin de manter o equilibrio orzamentario.
- Respecto das transferencias de capital corresponden a compromisos firmes de ingreso.

C. Polo que se refire ó orzamento de gastos:

